



### S.O.S. A SERRA DA GROBA EN PERIGO

O que queda a vista dos nosos ollos é o resultado do traballo que fai a natureza ao longo de millóns de anos. Dende hai uns 4 ou 5 mil anos, o home comezou a mudar a fisonomía da paisaxe facendo coas súas mans obras que modificaban aquilo que se vía e, ata aquí, só a forza da natureza moldeaba.

Comezou un tempo de construción e deconstrución que foi evoluindo ao mesmo tempo que o propio ser que o producía. Apareceu a Cultura como unha obra feita aos poucos polas mans do home e o seu devir “creador” (máis ben modificador e ordeador, pois todo está aí dende os principios evoluíndo e transformándose). A descuberta dun animal que se vai facendo home e dominando a outras especies que conviven nun mesmo ecosistema, vai destruindo e creando, e facendo que cada vez as demandas culturais (todo o feito polo man creadora e modificadora do xa home) sexan máis.

Non é lugar para explicar todo o que aconteceu nestes catro mil últimos anos nesta terra que habitamos, neste recuncho que aboia nas augas dos océanos mudando día a día, aínda que pareza que non nos queremos dar conta. A cultura, agora imos a chamarlle “técnica”, fainos ter memoria (auditiva, visual e tamén “inconsciente”) nun plano real inmediato e persistente: arte, literatura, medios de comunicación, ensino, relixión... que nos amosa a cotío o real e imaxinado: presente, pasado e futuro. Analizamos o que aconteceu e co “coñecemento científico” somos quen de interpretar o pasado. Comentamos e vivímolo presente inmediato do que sucede en calquera lugar do mundo simultaneamente. Facemos proxeccións e prediccións do que vai a suceder en base aos coñecementos que temos.

Pois ben: aínda así seguimos a trabucarnos e repetir accións e omisións que o saber e o coñecemento nos din que non son boas para a humanidade.

## SOS a Groba. Carta dun cidadán galego

Escrito por Xilberte Manso de la Torre  
Venres, 31 Agosto 2007 10:08

---

Non abonda con repetilo día a día. Seguimos nun camiño que non ten un final feliz, e apesares diso, deixamonos ir como si non nons interesara o que vai pasar, como crendo que a nós non nos vai tocar.

Hai quen pensa por nós. Hai quen actúa por nós. Hai quen só pensa na praga do século XX que aínda non deixou de medrar no XXI ( non exclusiva destes doús séculos): o **beneficio e/ou ganancia**.

Mentres alguén considere que sae beneficiado dalgún xeito, non importa como, seguese a consruir/deconstruir para acadar os obxectivos previstos. Para iso, aprendemos a facer o que eu chamaría modificacións interesadas de opinións en base a balanza de esforzo/ beneficio. **A teoría da comodidade:**

“

*todo beneficio aproveitado que implique pouco esforzo é bo”.*

Todo isto necesita de axentes produtores de beneficio,de comodidade. Activos e pasivos, directos e indirectos. Modificadores de conducta, pensamento, opinión... **estrategas do por que.**

## O PARQUE EÓLICO ALVARIÑO I DA SERRA DA GROBA

Despois de moitos anos loitando por que a xente tomara conciencia de que este planeta noso non pode soportar o ritmo que lle estamos a impor, en canto a verquidos aos mares e ao ar de materias contaminantes e gases, chegamos a un punto no que nos atopamos cunha aparente contradicción –dende o punto de vista dos defensores do capital-: a necesidade de pórlle por qué ao desenrolo da enerxía eólica no noso país.

As cousas haínas que analizar polo miudo e ver os pros e os contras de cada unha das actuacións. No caso que nos ocupa, a implantación do parque eolico Alvariño I en terras da Serra de a Groba. Dous millóns de metros cadrados da Serra da Groba van a ser afectados para construír un parque eólico que nunha primeira fase levará 21 aerogeradores. Calquera que vexa a información dirá : “ Non é para tanto. Só son 21 e, asemade, dispersos nun área moi

grande". Pois ben, ista é a miña opinión ao respecto e a explicación da miña negativa a súa implantación.

### **1. É urxente e necesario definir ata onde e como imos desenvolver a enerxía eólica no noso país**

. A ocupación extensiva de tódalas serras e monte galegos (logo viran as rías e os mares) ten custes que non se ven explicados en ningún estudo de "impacto ambiental". A relación custe/beneficio segue sendo discutible e, máis aínda o reparto do beneficio e o dos custes. É unha falacia dicir que o custe o asume a empresa que monta o parque eólico deixando de lado aos propietarios dos montes e a propia comunidade toda, que perde valores de difícil cuantificación. E aí, falando de comunidade, estoume a referir a todo o noso país.

### **2. Si partimos da premisa que se está a partir, é dicir, falar só de diñeiro, de beneficio monetario**

#### **estamos a falsear a realidade**

. Hai cousas as que non se lle pode pór precio e non se poden tasar simplemente en euros. Por outra banda, non se están sequer a tasar. A contaminación visual e perda da riqueza paisaxística (na serra da Groba iste é un valor inmenso, que eu creo incuantificable para unha mente sensíbel), a repercusión e influencia sobre a fauna e a flora, os efectos sobre o clima e/ou microclima, a desaparición de patrimonio etnográfico de grande valor, a repercusión sobre o patrimonio arqueolóxico catalogado e o non catalogado.

### **3. O beneficio real dos propietarios e usuarios do monte ( persoas e animais) vai a ser ínfimo comparado co que saca a xente allea ao uso e dominio da terra ao longo dos séculos**

. Os que nunca se preocuparon por ela nin teñen máis interese que o temporal ( mentres duren os beneficios a curto prazo) van a sacar unha grande tallada, e os demais van a perder para sempre ( valores irrecuperables de carácter ecolóxico que só co paso de millóns de anos se construíron e que se perden en moi pouco tempo- a paisaxe, o clima e a implantación de especies vexetais e animais-).

Están a falar de cederlle aos propietarios sobre o 1% do beneficio total da explotación, claro está, sen cuantificar o que se perde e que ninguén asume como perda, pois non se admite a tal perda.

**4. As relacións causa efectos imputables a casualidade.** Datos concretos: no ano 2006 arde a maioría da serra da Groba. Grandes perdas económicas, din os xornais e as xentes do común. Perdas irreparables, digo eu ( especies vexetais, insectos, pequenos mamíferos, petroglifos, cabalos, capa de solo, terra erosionada, muiños de auga, pontes, árbores centenarias, traídas de auga, mananciais...) Cada unha de estas perdas ten nomes e apelidos e non están postas ao chou, e aquíl que esté interesado pódolle facer ou pasar unha relación exhaustiva con cada un dos detalles. Máis datos: abrense novas pistas e ancheanse algunhas existentes, nalguns casos con anchos esaxerados para zonas de

monte nas que non é recomendado o tránsito de vehículos a motor. Modifícanse escorrentías e deixase o monte pelado pola tala do queimado. Pérdese o “valor cuantificable por peritos”, e os propietarios falan de ruína. Incendios e chuvias torrenciais arruinan ás comunidades de montes e de augas con perdas de patrimonio tasado en euros. Pasados poucos meses, cando a xente está a notar realmente as perdas, ben a salvación: oferta de diñeiro pagadeiro anualmente que “compensa” a perda de ingresos futura por non ter árbores para talar alomenos en 20-25 anos. Casualidade.

### 5. E, por último, dúas cuestións: **Unha. A implantación dos parques eólicos considérase de interese público**

co cal a cidadanía teóricamente beneficiada non o é tal, pois a quen se beneficia e ao que quere implantalo nunha terra que non lle pertence e pola que só ten un interese económico puntual, producindo no caso da negativa dos auténticos propietarios do monte atrancos e pegas para a defensa do seu. Beneficiase ao alleo e, permítanme a palabra, especulador, pois, ao remate, de iso se trata.

### **Dúas. O papel da administración, neste caso a Consellería de Industria**

. Non me cabe dúbida de que cumpren con tódolos regulamentos e leis existentes,- só faltaría que así non fose (exemplo: cidade da cultura cos gobernos de Fraga).

Teoricamente a administración sempre cumpre coa arañeira de decretos que eles mesmos tecen para que a xente do común nos perdamos e renunciemos a reclamar o que consideramos xusto, por mor de gastos en tempo e diñeiro, que as veces non temos, para pleitear con grandes empresas e administracións poderosas. Mais, un pero: non lles parece que sacar no mes de agosto a exposición pública e o período de alegacións é un pouco/ moito ir contra o interese da cidadanía?. Quen axuda ao cidadán de a pé a facer no mes de agosto (si se entera) unha alegación contra da animalada proxectada que, eu considero, estraga a Serra da Groba. Mudarán os tempos?. Mudaron as formas?.

Mudou o goberno? Onde están as cousas claras, informando ás xentes das vantaxes e os inconvenientes?. Que sabe a xente de tecnicismos e decretos?

### **6. A sociedade civil organizada e sen organizar ten que por aos políticos no seu sitio**

. Os burócratas e funcionarios fan sempre o mesmo, e o diñeiro leva sempre o mesmo camiño. Os defectos dos políticos e empresarios pagámolos todos sempre, e o pobo está farto de ver como nunca pasa nada ante os erros dos que mandan.

7. **Non existe un decreto que prohibe urbanizar os solos queimados?** Non sería este un xeito de “urbanizar o monte”: creación de pistas anchas, acometidas e conducións soterradas e aéreas, levantamento de torres xigantescas de metal que ocupan unha ampla extensión de solo. Volvemos ao principio: a cualificación de interese público de estas intervencións e as relacións causa efecto.

Por todo o exposto:

Eu, cidadán libre, sen máis argumentos e saberes que os que me da a miña sensibilidade e a

## SOS a Groba. Carta dun cidadán galego

Escrito por Xilberte Manso de la Torre  
Venres, 31 Agosto 2007 10:08

---

miña memoria arcaica (isa que temos dentro do cerebro e que non somos conscientes dela máis que en casos de apuro e de extrema gravidade), patrimonio herdado dos meus ancestros, que non sei de leis, que nunca fun a un avogado, que coñezo a terra que piso por que a respecto, amo e coido,

E POLO TANTO SOLICITO:

**NON SE CONSTRUA O PARQUE EÓLICO □ ALVARIÑO I NA SERRA DA GROBA**, e se se considera, se me permita argumentar verbalmente todo o que eiqui non poiden escribir, como afectado directo e defensor de min mesmo e dos que non teñen voz e si dereito. A saber: os cabalos do monte, os paxaros, morcegos, insectos, as vacas, ovellas e cabras, as raposas e os coellos e lebres. As herbas, árbores, fentos e brions. Os cotos, outeiros, penedas, regueiros, regatos e ríos. As tomadas, camiños, valados, coutadas, foxos do lobo, presas e castelos, muiños e peares, correoiras, lousas e carreiros. Os petroglifos, as mámoas, as cerradiñas, os castros e a terra sacra que os ollos ven, e as levadas, rairos e mananciais, as augas que abrollan sen pai nen nai e paren fillos que son regueiros, despois regatos, logo ríos. O ceo limpo, o hourizonte e ao lonxe o mar, e os milleiros de nomes que a terra ten para cada un dos recantos, e que me foron dados como tesouro a preservar que non quero permitir que se estrague, alomenos mentres me queden folgos para falar alí onde sexa preciso e ante quen corresponda.

Na Serra de A Groba a 27 días de agosto de 2007  
Xilberte Manso de la Torre, cidadán galego.